



A SEIMEIRA

Teixos de Busqueimado

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 10 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 4 horas




Unha camiñada duns 10 km (ida e volta), na que ocuparemos de tres e media a catro horas, para percorrer unha parte do curso alto do río Agüeira entre Pumares (ao pé de Santalla de Oscos) e a Seimeira, unha ferverza duns 30 m de caída que remata nunha poza na que é posible darse un baño, cun desvío a Busqueimado para achegarse a coñecer os teixos que medran ao pé da capela do lugar.

PERCORRIDO:

Unha ruta sinalizada e acondicionada (P.R. AS-116) que vai remontando o curso do río Agüeira por dentro dun fermoso bosque no que medran, ao pé do río, as árbores propias da ribeira e no resto do val carballos e castiñeiros, que foron noutro tempo obxecto de cultivo (aínda se pode ver algunha corripa, construción na que se xuntaban os ourizos), coas súas especies asociadas. No traxecto ata a ferverza, duns 3,5 km, que se fai levando sempre o río á esquerda, atoparemos o lugar abandonado da Ancadeira e varios castiñeiros de bo porte.

O desvío a Busqueimado pódese facer antes ou despois de visitar a ferverza. Son tres quilómetros ida e volta: un quilómetro e medio de subida, no que temos que superar uns douscentos metros de desnivel, por un carreiro polo medio do bosque ata acadar a parte alta desde a que se ve, a vista de paxaro, a parte do val do río pola que fixemos a camiñada; un pouco máis adiante o carreiro faise camiño e seguindo por el, sempre cara arriba, chegamos ás casas do lugar. Alí un camiño, á esquerda, sinalado, lévanos nuns poucos metros ao pé da capela e os teixos, monumentos naturais de case catro metros de perímetro.

A volta faise polo mesmo itinerario da ida.



Pumares, co río Agüeira, no comezo da ruta.




A Seimeira no verán



Camiñando polo souto na subida a Busqueimado



En Pumares houbo actividade ferreira. A carón do río podemos ver unha moa de afiar e os restos dun mazo.



Ancadeira



Rio Agüeira



Teixos de Busqueimado, de 3,80 e 3,74 m de perímetro